




Complexo de San Marcos (Edificio Multiusos). Bando- San Marcos  
15820 Santiago de Compostela- A Coruña  
Tf. 981 546 723 Fax 981 546 758  
E-mail: retegal@retegal.gal  
www. retegal.gal



## **ENCOMENDA DE XESTIÓN DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA A REALIZACIÓN DA ADECUACIÓN DO ACCESO A DIVERSOS CENTROS DE TELECOMUNICACIÓN A SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA) PARA UN PERÍODO DE 24 MESES.**

Santiago de Compostela a 6 de maio de 2022

### **REUNIDOS**

**Dunha parte,**

**REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. (en adiante RETEGAL)**, con enderezo a efectos de comunicacións en Avenida Fernando de Casas Novoa, nº 35 B, 3º C-D, C.P. 15707, Santiago de Compostela, A Coruña, e con CIF número A15643687, que constitúe a sociedade mercantil pública autonómica para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, de forma que xestiona e explota infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, creada en virtude do Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da entón consellería de Economía e Facenda, polo que se crea a sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

RETEGAL ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de medios propios para os efectos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro e nos artigos 4.1.n e 24.6 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Está representada neste acto por D<sup>a</sup>. Maria Pilar Chapela Villanueva, con enderezo a estes efectos en Edificio de Usos Múltiples, s/n Bando – San Marcos, C.P. 15820, Santiago de Compostela, A Coruña. O fai na súa condición de Directora Xerente e Apoderada da mesma, segundo consta na escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, D. José Manuel Amigo Vázquez, o día 23 de abril de 2021, co número 1.125 da súa orden de protocolo, estando a mesma debidamente inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

**E, doutra parte,**

**SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A. (SEAGA)**, con domicilio social no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, 14, 15890 Santiago de Compostela, e provista de con NIF A70096557, constitúe a sociedade mercantil pública autonómica das previstas no artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Foi



creada mediante o Decreto 260/2006, do 28 de decembro, da entón consellería de Economía e Facenda (DOG nº 13 do 18 de xaneiro de 2007).

SEAGA, sociedade pública adscrita á consellería do Medio Rural, ten a consideración de medio propio instrumental da Administración Galega

Está representada neste acto por Pablo Arbones Maciñeira, con enderezo a estes efectos en Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, 14, 15890 Santiago de Compostela. O fai na súa condición de Director Xerente, autorizado para este acto en virtude de delegación do consello de administración (reflectido no poder notarial nº 441, do Notario D. Manuel Remuñán López, do día 17 de marzo de 2010).

### ÁMBITO XURÍDICO:

**Primeiro. Colaboración entre entidades do sector público autonómico:** Que, a *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico* introduce nos seus artigos 8 e 9 a figura dos catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico.

**Segundo.** Que, no DOG número 7 do 13 de xaneiro de 2015, publicouse a *Resolución do 17 de novembro de 2014, da secretaría xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada.*

O citado catálogo recolle entre os servizos ou prestacións obxecto de autoprovisión os servizos en materia agraria, forestal, ambiental, animal e mariña a prestar por **Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)**.

O artigo 8.4 da Lei 14/2013, establece que “*para os medios e prestacións incluídos no catálogo, só poderá acudirase á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable, por non poder ser cumpridamente satisfeitas por outros órganos ou entidades instrumentais do sector público as necesidades que se pretenden cubrir, mediante algún dos procedementos de colaboración indicados na presente lei, pola insuficiencia, carencia ou inadecuación dos medios dos que dispoñan*”.

Así mesmo, o Acordo Cuarto da *Resolución do 17 de novembro de 2014, da secretaría xeral Técnica da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada*, recolle outros instrumentos e procedementos que, de maneira común e voluntaria, se establezan como un dos instrumentos de cooperación, colaboración e asistencia.



**Terceiro.** A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), no seu artigo 31 *“Potestad de auto organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal”*, regula a cooperación entre entidades pertencentes ao sector público mediante o emprego de encargos e/ou convenios de colaboración, no primeiro caso dando cumprimento ao establecido no artigo 32.

**Cuarto.** A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece no seu artigo 48, *“En particular, cando as encomendas sexan efectuadas por outros medios propios da Administración da Comunidade Autónoma que non estean baixo a tutela funcional da consellería ou departamento ou adscritos a estes, deberá autorizalas previamente.”*.

**Quinto.** Os propios Estatutos de SEAGA, establecen a súa consideración de *“medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.”*

**Sexto.** No que respecta ao IVE aplicable, o artigo 7.8.C) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto do valor engadido, na súa redacción actual (introducida por medio da Disposición final décima da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e que entrou en vigor o 10 de novembro do 2017) establece o seguinte:

Non estarán suxeitos ao imposto os servizos prestados en virtude dos encargos executados polos entes, organismos e entidade do sector público que ostenten, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei de Contratos do Sector Público, a condición de medio propio personificado do poder adxudicador que ordenou o encargo, nos termos establecidos no referido artigo 32.

Pola súa banda o artigo 11 da Lei 37/1992 dispón que *“Para os efectos do Imposto sobre o valor engadido, entenderase por prestación de servizos toda operación suxeita ao dito tributo que, de acordo con esta lei, non teña a consideración de entrega, adquisición intracomunitaria ou importación de bens”*.

O concepto de entrega de bens atópase no artigo 8 da lei 37/1992 e as operacións asimiladas á entrega de bens detállanse no artigo 9.

As actuacións que constitúen o obxecto do encargo non teñen a consideración legal de entrega de bens nin se atopan entre as prestacións de servizos en todo caso suxeitas ao imposto.



## EXPOÑEN

**Primeiro.** Que Retegal, como operador de redes de comunicacións, ten entre os seus principais obxectivos a prestación dos servizos esenciais de telecomunicacións con elevados índices de calidade e continuidade. Entre estes servizos destacan especialmente, pola súa repercusión e interese social, os servizos de difusión de TDT, os servizos de banda larga e os servizos para a Rede Dixital de Seguridade e Emerxencias de Galicia (RESGAL).

Para elo, dispón dunha rede de infraestruturas físicas de telecomunicacións compostas de parcela, torre, caseta e acometida dispersas por todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Para manter a rede en normal estado de conservación e mantemento, é necesario realizar unha serie de labores de limpeza, rozado e mantemento do entorno dos centros que requiren persoal especializado do que RETEGAL non dispón. Os centros de telecomunicación encóntanse en zonas elevadas e de difícil acceso, para os que se fai precisa a realización dos servizos de roza e mantemento da contorna, que non interfiran nos servizos prestados desde os centros de telecomunicación e que permitan o acceso aos técnicos de RETEGAL en condicións de seguridade.

**Segundo.** Que, a SEAGA correspóndelle a realización todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

Que, a realización de traballos de roza, poda e mantemento para a conservación dos centros pode realizarse por SEAGA, que ten entre os seus fins e obxectivos a realización de traballos forestais de similar natureza, polo que estímase que a citada sociedade mercantil pública autonómica ten acreditada a solvencia suficiente para a realización dos traballos previstos.

**Terceiro.** SEAGA certifica o seu carácter 100% público, así como a súa consideración de medio propio e ente instrumental e de servizo técnico das entidades instrumentais do sector público autonómico e o cumprimento do artigo 32 da LCSP, na súa consideración de medio propio encargado.

**Cuarto. Medios e recursos:** Por razóns de eficacia, así como pola insuficiencia de medios de RETEGAL para levar a cabo a execución dos traballos referidos, e en virtude das disposicións vixentes en materia de autoprovisión e considerándose xuridicamente procedente o establecemento deste sistema de colaboración, e de conformidade co disposto polo artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, as partes acordan a formalización dun Acordo de colaboración suxeito ás seguintes



## CLÁUSULAS

**1º. Obxecto.** Encomendar a realización da adecuación do acceso aos centros de telecomunicacións indicados no **Anexo I** e xestionados por RETEGAL, segundo requirimento de RETEGAL (pedidos sucesivos).

Estes centros poderán ser substituídos por outros de semellantes características, previo acordo entre SEAGA e RETEGAL.

**2º. Facultades derivadas da presente resolución de encomenda de xestión.** Para posibilitar unha xestión eficaz da encomenda, atribúense a SEAGA as facultades necesarias para elaborar e executar obxecto da presente encomenda, que será desenvolvido con respecto ás liñas xerais definidas por RETEGAL e, en particular, coa supervisión da Comisión de Seguimento establecida ao efecto.

SEAGA, como responsable da execución, establecerá as actuacións necesarias, no marco aprobado por RETEGAL, que serán supervisada pola citada Comisión de Seguimento.

Neste senso, SEAGA presentará a RETEGAL, para a súa aprobación, as accións concretas referentes ás actuacións a acometer para materializar o obxecto da encomenda.

**3º. Orzamento-** O importe máximo do investimento previsto para as actuacións contempladas nesta acordo de colaboración é de **CATROCIENTOS MIL EUROS (400.000,00.-€)**, con cargo aos orzamentos de RETEGAL.

Por outra parte, o artigo 43.3.e) da Resolución do 5 de febreiro de 2013, da secretaría xeral Técnica e do Patrimonio da consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), autorizada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de setembro de 2012, establece que *Os recursos económicos da empresa pública estarán constituídos polas remuneracións derivadas da prestación de servizos ou pola realización de actuacións que lle sexan encomendadas, de conformidade co seu obxecto social, pola Administración galega, os seus organismos autónomos ou entes dependentes, ou, se é o caso, calquera outra Administración pública.*


Neste senso, e de acordo co establecido no artigo 50.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establécese unha porcentaxe dun 6% como compensación polos gastos de xestión que asumirá SEAGA en execución dos traballos do presente acordo.

CONCEPTO	BASE
Actuacións encargadas	350.000,00.-€
Variación final das medicións reais	27.358,50.-€





Complexo de San Marcos (Edificio Multiusos). Bando- San Marcos  
15820 Santiago de Compostela- A Coruña  
Tf. 981 546 723 Fax 981 546 758  
E-mail: retegal@retegal.gal  
www. retegal.gal



6 % gastos xestión	22.641,50.-€
<b>TOTAL ENCARGO:</b>	<b>400.000,00.-€</b>

A retribución fíxose por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública da que depende SEAGA, segundo **o enlace indicado posteriormente**.

Por todo o exposto, os traballos previstos neste encargo á Empresa Pública SEAGA, (que ten a consideración de medio e servizo técnico da Administración), non están suxeitos ao IVE.

A retribución fíxose por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública da que depende SEAGA, segundo **o enlace da cláusula 8 do presente encargo**.

Dado que os importes foron fixados para tódolos accesos aos centros cunha media de 2.000,00 m lineais a adecuar para cada centro, establécese unha partida para retribuír, no seu caso, o exceso de metros totais por riba dos estimados, e que se xustificará convenientemente nos termos establecidos na presente encomenda.

Tamén está incluída a xestión das licencias de adecuación correspondentes, así como os trámites coas correspondentes Comunidades de Montes.

As proposicións económicas non poderán superar o límite do presuposto máximo autorizado.

**4º. Réxime de contratación de SEAGA con terceiros.-** A execución dos traballos será realizados polos seus propios medios, de conformidade coas prescricións contidas no presente acordo e se considera parte integrante e inseparable do mesmo.

Para a realización destes traballos, SEAGA porá a disposición deste acordo os medios humanos e materiais necesarios para a normal execución dos traballos, a tal fin a dirección xerencia da SEAGA fará a adscrición do persoal necesario para levalos a cabo.

En ningún caso, o acordo de colaboración suporá a existencia dunha relación laboral entre RETEGAL e o persoal que presta os seus servizos en SEAGA.

Sen prexuízo do anterior, SEAGA poderá realizar as adquisicións e encargar os servizos externos necesarios para lograr os obxectivos establecidos, estes últimos sempre e cando non conte cos medios precisos para levalos a cabo. Os contratos que deba celebrar SEAGA para a realización dos traballos obxecto do presente encargo quedarán sometidos ao LCSP, nos termos que sexan procedentes de acordo coa natureza da entidade que os celebra e ao tipo e contía dos mesmos.

SEAGA terá que contratar segundo o establecido no artigo 32.7 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

#### a) Contratación.

SEAGA iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público e contará tamén coa



información facilitada por RETEGAL, dentro do marco aprobado polo Director Técnico e/ou Responsable de execución do encargo.

Corresponderá a SEAGA a tramitación, adxudicación e formalización dos contratos, tendo en conta que dispón de suficientes medios técnicos especializados na materia obxecto deste Acordo.

SEAGA asumirá a constitución do vínculo contractual cos contratistas e o seu pagamento con cargo aos seus propios orzamentos.

Corresponde a SEAGA a execución dos contratos. Os contratistas quedarán obrigados só ante SEAGA, quen asumirá a total responsabilidade na execución da contratación fronte a RETEGAL.

**5º. Pagamento.-** Procedemento para o pagamento dos gastos derivados da execución dos traballos. O abono dos importes correspondentes aos investimentos realizados farase do xeito seguinte:

De acordo co establecido no artigo 50 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderán concederse anticipos nos termos recollidos, no seu caso, nos encargos. No presente acordo non se prevén anticipos do orzamento total da anualidade para permitir soportar os gastos iniciais da xestión.

A xustificación das actuacións do acordo de colaboración, comprenderá a realización dunha ficha por emprazamento na que se introduzan e certifiquen os conceptos e cantidades empregadas para a adecuación do acceso a cada centro.

SEAGA estará obrigada a xustificar o 100% do importe executado do acordo no momento en que estean rematados os traballos.

**6º. Comisión de Seguimento.-** Establécese unha Comisión de Seguimento do acordo de xestión, composta por tres membros, presidida polo director técnico de RETEGAL, da que formarán parte un membro por parte de RETEGAL e outro por parte de SEAGA.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento definir e aprobar o plan de actuacións a realizar en desenvolvemento do establecido no acordo de colaboración, así como supervisar a execución dos proxectos.

No marco das súas competencias, a Comisión de Seguimento poderá acordar modificar as accións previstas no plan de actuacións, co fin de adecualas ao correcto cumprimento dos obxectivos previstos, así como, de ser o caso, variar a orde e os prazos das accións previstas no plan de actuacións, mediando unha xustificación técnica razoada. En ningún caso, as modificacións referidas suporán un incremento do orzamento máximo global previsto na cláusula 4ª, nin unha ampliación do prazo de execución e xustificación das actuacións previstas neste acordo.



Adicionalmente ás funcións previstas no presente acordo de colaboración, a Comisión de Seguimento resolverá os problemas de interpretación e o cumprimento que se deriven do mesmo.

## 7º. Protección de datos.-

### 1. RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

En cumprimento do establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais y á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en adiante RXPDP), no que non quede derogado pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante LOPD),, infórmase de que os datos persoais que se faciliten serán tratados por Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., responsable do tratamento, con enderezo a estes efectos en Complexo de San Marcos (Edificio Multiusos). Bando -San Marcos. 15.820 Santiago de Compostela (A Coruña), onde os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso os de oposición e limitación do tratamento, dirixindo solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI do apoderado.

### 2. CONSENTIMENTO DE TRATAMENTO DE DATOS.

Coa sinatura deste encargo, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento e autorizan a súa comunicación a entidades financeiras, facenda pública, diarios oficiais, organismos subvencionadores e outras administracións públicas competentes na materia, se ben non se prevén comunicacións a terceiros países.

Os datos que se proporcionen manteranse durante o prazo de tempo en que poidan nacer acción derivadas do procedemento e durante o prazo legalmente previsto.

No caso de que os licitadores facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, previamente á súa inclusión, deberán informar aos titulares dos mesmos dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos no caso de non obter o seu consentimento.

### 3. ENCARGADO DO TRATAMENTO.

Se SEAGA, durante a vixencia do encargo, tivese acceso a datos de carácter persoal contidos en ficheiros cuxa titularidade corresponde a RETEGAL, terá a consideración de encargado do tratamento aos efectos do disposto no artigo 28 do RXPDP, e obrígase:

- A dar cumprimento á normativa vixente sobre protección de datos, en especial ao disposto no artigo 28 do RXPDP. O responsable do tratamento poderá, en calquera momento, esixir ao encargado do tratamento, xustificación documental do cumprimento da mencionada normativa.





- A utilizar os datos persoais aos que poida ter acceso, coa única finalidade dar cumprimento ao obxecto do encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins distintos ou para intereses propios.
- A tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.
- A non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.
- O encargado do tratamento non poderá subcontratar o obxecto do presente encargo, salvo autorización expresa do responsable do tratamento. En caso de autorizarse a subcontratación, previamente a iniciarse a mesma, deberá esixir aos subcontratistas as mesmas medidas de seguridade contempladas no presente encargo, absténdose de subcontratar a aquelas entidades ou profesionais que non ofrezan garantías para aplicar as medidas técnicas e organizativas apropiadas.
- Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice.
- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informárselles convenientemente.
- Manter a disposición do responsable do tratamento a documentación acreditativa do cumprimento da obriga establecida no apartado anterior.
- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
- Comunicar por correo electrónico á dirección [rxpd@retegal.gal](mailto:rxpd@retegal.gal) cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos ante o encargado do tratamento. A comunicación realizarase de forma inmediata e, en ningún caso, máis alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude, xuntamente, no seu caso, con outra información que poida ser relevante para resolver a solicitude.
- Notificación de violacións da seguridade dos datos persoais das que teña coñecemento a través da dirección de correo electrónico [rxpd@retegal.gal](mailto:rxpd@retegal.gal), xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.
- Devolución ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución comporta o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

O responsable do tratamento responderá persoalmente das infraccións en que puidese incurrir no caso de que destine os datos de carácter persoal a outra finalidade, comuníqueos a un terceiro ou os utilice de forma irregular, así como cando non

adopte as medidas de seguridade establecidas polo RXDP.

Sen prexuízo do establecido no artigo 28.2 do RXPDP, naqueles encargos cuxa execución requiran o tratamento por SEAGA de datos persoais por conta do responsable do tratamento, estará sometido ás seguintes obrigas:

- a) A respectar a finalidade da cesión de datos, que é a de levar a cabo a tramitación deste procedemento e a súa comunicación a entidades financeiras, facenda pública, diarios oficiais, organismos subvencionadores e outras administracións públicas competentes na materia, se ben non se prevén comunicacións a terceiros países.
- b) SEAGA someterase en todo caso á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, sen prexuízo do establecido no último parágrafo do apartado 1 do artigo 202 da LCSP.
- c) **SEAGA presentará antes da sinatura** unha declaración na que poña de manifesto onde van estar localizados os servidores e dende onde se van prestar os servizos asociados aos mesmos.
- d) Comunicará obrigatoriamente calquera cambio que se produza, ao longo da vida do encargo, da información facilitada na declaración á que se refire a letra c) anterior.
- e) Os licitadores indicarán na súa oferta, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados aos mesmos, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

As obrigas anteriores teñen a cualificación de esenciais aos efectos do previsto na letra f) do apartado 1 do artigo 211 da LCSP.

#### 4. SEGURIDADE DOS DATOS

A aplicación e/ou sistemas nos que se leven a cabo tratamentos de datos de carácter persoal, deberán cumprir en todo momento a normativa vixente sobre protección de datos persoais que resulte de aplicación e, especialmente, a LOPD. Deberá cumprir todas as medidas técnicas e organizativas encamiñadas a garantir a seguridade dos ficheiros automatizados. As devanditas medidas encóntranse recollidas na disposición adicional primeira da LOPD.

En todo caso, RETEGAL resérvase o dereito de solicitar a SEAGA, a achega dunha descrición técnica das medidas de seguridade do software destinado ao tratamento automatizado de datos de persoal, todo elo coa finalidade de comprobar o cumprimento das medidas establecidas ao efecto na LOPD.

SEAGA virá obrigado a efectuar as actualizacións e/ou modificacións que sexan necesarias, encamiñadas a dar cumprimento ás esixencias normativas sobre protección de datos persoais.

SEAGA e o seu persoal durante a realización do obxecto do encargo, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade de RETEGAL.



**8º. Estudo económico e de mercado.-** Partindo da existencia dunhas tarifas aprobadas de Servizos Agrarios Galegos, S.A. en mercado e referenciadas segundo o documento:

[http://212.51.53.216/pdf/Transparencia/tarifas/TARIFAS\\_SEAGA\\_VIXENTES.pdf](http://212.51.53.216/pdf/Transparencia/tarifas/TARIFAS_SEAGA_VIXENTES.pdf)

Segundo o establecido neste documento, para a redacción das tarifas utilizáronse como prezos de referencia as seguintes fontes de información:

- Base Agroforestal de Galicia, desenvolvida polo ITG.
- Base de Infraestruturas, facilitada pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.
- Base de Montes, facilitada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.
- Outras Bases de prezos.

Por outro lado, RETEGAL fixo unha análise pormenorizada tendo en conta prezos de mercado e a súa propia experiencia pois de anteriores contratacións obtívose un prezo medio de 9,00 €/m lineal con 2.000,00 m lineais de media por cada acceso para 20 centros.

### 9º. Vixencia.

O presente acordo entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá unha duración de 24 meses dende o día seguinte á súa sinatura.

Por Redes de Telecomunicación  
Galegas Retegal, S.A.

Por Servizos Agrarios Galegos S.A.


Maria Pilar Chapela Villanueva  
Directora Xerente

Pablo Arbones Maciñeira  
Director Xerente





Complexo de San Marcos (Edificio  
Multiusos). Bando- San Marcos  
15820 Santiago de Compostela- A  
Coruña  
Tf. 981 546 723 Fax 981 546 758  
E-mail: [retegal@retegal.gal](mailto:retegal@retegal.gal)  
[www.retegal.gal](http://www.retegal.gal)




**ANEXO I:**  
**CENTRO E ACCESO OBXECTO DA ENCOMENDA**

Nom. CdO	Área Mantenimento	Situación	Municipio	Prov.	UTMx ED-50	UTMy ED-	Identificador
ARANGA - BAXAU	Bailadora			AC	578210	4789840	RTGC15041
ARANGA 2	Bailadora	PARROQUIA DE CAMBAS. COTES CURTOS - MONTE DA LOUSA	ARANGA	AC	585586	4790403	RTGA15510
ARBO	Domaio	MODRAGO CABEIR.	ARBO	PO	553347	4662890	RTGA36019
BAILADORA	Bailadora	MONTE FARO	ARES	AC	557958	4811282	RTGA15014
BALEIRA 3	Páramo	CUBILLED0	BALEIRA	LU	644020	4769858	RTGA27522
BARALLA	Páramo	VILANOVA	BARALLA	LU	640085	4749372	RTGA27026
CAMPOLAMEIRO	Domaio	FRAGAS	CAMPOLAMEIRO	PO	535637	4706352	RTGA36020
CANGAS	Domaio	MAGDALENA	CANGAS	PO	517371	4681677	RTGA36001





Complexo de San Marcos (Edificio  
Multiusos). Bando- San Marcos  
15820 Santiago de Compostela- A  
Coruña  
Tf. 981 546 723 Fax 981 546 758  
E-mail: retegal@retegal.gal  
www. retegal.gal




<b>CERDEDO</b>	<b>San Marcos</b>	<b>MONTE PEDROUZOS</b>	<b>CERDEDO</b>	<b>PO</b>	<b>549123</b>	<b>4712159</b>	<b>RTGA36021</b>
<b>CERVANTES 2</b>	<b>Páramo</b>			<b>LU</b>	<b>666346</b>	<b>4737920</b>	<b>RTGA27516</b>
<b>CONFURCO</b>	<b>Meda</b>		<b>SAN CRISTOVO DE CEA</b>	<b>OU</b>	<b>588040</b>	<b>4713754</b>	<b>RTGA32500</b>
<b>COTOBADÉ</b>	<b>Domaio</b>	<b>M. CALVO LOUREIRO</b>	<b>COTOBADÉ</b>	<b>PO</b>	<b>544019</b>	<b>4699992</b>	<b>RTGA36018</b>
<b>FISTERRA</b>	<b>San Marcos</b>	<b>MONTE NAVE</b>	<b>FISTERRA</b>	<b>C</b>	<b>476359</b>	<b>4752723</b>	<b>RTGA15026</b>
<b>FOLGOSO DO CAUREL 2</b>	<b>Páramo</b>	<b>PARROQUIA DE VILAMOR. MONTE DE VILLAMOR</b>	<b>FOLGOSO DO CAUREL</b>	<b>LU</b>	<b>643245</b>	<b>4713899</b>	<b>RTGA27539</b>
<b>FONSAGRADA 5</b>	<b>Páramo</b>			<b>LU</b>	<b>657820</b>	<b>4769567</b>	<b>RTGA27526</b>
<b>FORCAREI</b>	<b>San Marcos</b>	<b>CHAN PRESQUEIRAS</b>	<b>FORCAREI</b>	<b>PO</b>	<b>555878</b>	<b>4705577</b>	<b>RTGA36023</b>
<b>IRIXO (O)</b>	<b>Meda</b>	<b>MONTE CIUDAD</b>	<b>IRIXO</b>	<b>OU</b>	<b>568745</b>	<b>4708094</b>	<b>RTGA32015</b>





Complexo de San Marcos (Edificio Multiusos). Bando- San Marcos  
15820 Santiago de Compostela- A Coruña  
Tf. 981 546 723 Fax 981 546 758  
E-mail: retegal@retegal.gal  
www. retegal.gal



<b>LAMA (A)</b>	<b>Domaio</b>	MONTE SEIXIDO	A LAMA	PO	551296	4694843	<b>RTGA36531</b>
<b>LEIRO</b>	<b>Meda</b>	MONTE CASTRO	LEIRO	OU	571264	4692340	<b>RTGA32006</b>
<b>LOBIOS</b>	<b>Meda</b>	STA. EUFEMIA	LOBIOS	OU	571252	4634667	<b>RTGA32024</b>
<b>LUGO 2</b>	<b>Páramo</b>	OUTEIRO MAIOR PARROQUIA DE LABIO	LUGO	LU	627123	4767568	<b>RTGA27554</b>
<b>MAZARICOS</b>	<b>San Marcos</b>		MAZARICOS	AC	496603	4755423	<b>RTGA15500</b>
<b>MONDIGO</b>	<b>Xistral</b>	MONDIGO	RIBADEO	LU	650629	4819680	<b>RTGA27012</b>
<b>MONFERO 2</b>	<b>Bailadora</b>	PENEDO GORDO, PARROQUIA DE QUEIXEIRO	MONFERO	AC	575888	4805464	<b>RTGA15517</b>
<b>MOURELOS</b>	<b>Meda</b>		SAVIÑO (O)	LU	605167	4714449	<b>RTGA27503</b>
<b>MURAS</b>	<b>Xistral</b>	CASABELLA	MURAS	LU	601556	4822044	<b>RTGA27529</b>
<b>MUROS</b>	<b>San Marcos</b>			C	493824	4739848	<b>RTGA15019</b>
<b>NAVIA DE SUARNA</b>	<b>Páramo</b>	FREIXIS	NAVIA DE SUARNA	LU	662177	4757344	<b>RTGA27033</b>
<b>NAVIA DE SUARNA 2</b>	<b>Páramo</b>	MONTE PENEDOS. PARROQUIA DE RAO	NAVIA DE SUARNA	LU	673025	4761622	<b>RTGA27542</b>





Complexo de San Marcos (Edificio  
Multiusos). Bando- San Marcos  
15820 Santiago de Compostela- A  
Coruña  
Tf. 981 546 723 Fax 981 546 758  
E-mail: retegal@retegal.gal  
www. retegal.gal




<b>NOGAIS (AS)</b>	<b>Páramo</b>	CARBALLEDA	PEDRAFITA	LU	655381	4734155	<b>RTGA27035</b>
<b>NOGAIS (AS) 3</b>	<b>Páramo</b>	PARROQUIA DE NULLAN. SERRA DO PIORNAL E TOXEDELO	NOGAIS (AS)	LU	654014	4736263	<b>RTGA27538</b>
<b>OMBREIRO</b>	<b>Páramo</b>	PICATO DO (A)SNO	LUGO	LU	611369	4767852	<b>RTGA27036</b>
<b>PARADELA 2</b>	<b>Páramo</b>	PENA VEITUREIRA	PARADELA	LU	616613	4727643	<b>RTGA27527</b>
<b>POL</b>	<b>Páramo</b>	VALONGA	POL	LU	637468	4780477	<b>RTGA27519</b>
<b>PONTES (AS) 3</b>	<b>Bailadora</b>	PARROQUIA DE SANTA Mª DE AS PONTES	AS PONTES	AC	593131	4816189	<b>RTGA15516</b>
<b>REIGOSA</b>	<b>Domaio</b>		PONTE CALDELAS	PO	533853	4694042	<b>RTGA36524</b>
<b>RODEIRO</b>	<b>San Marcos</b>		RODEIRO	PO	587401	4725704	<b>RTGA36525</b>
<b>SAVIÑAO (O)</b>	<b>Páramo</b>		SAVIÑAO (O)	LU	614910	4723946	<b>RTGA27514</b>
<b>SILLEDA</b>	<b>San Marcos</b>	A CORNOA SIADOR	SILLEDA	PO	561518	4724622	<b>RTGA36016</b>
<b>TRABADA</b>	<b>Xistral</b>	CAMPELAS VILAPENA	TRABADA	LU	643538	4809314	<b>RTGA27046</b>





Complejo de San Marcos (Edificio Multiusos). Bando- San Marcos  
15820 Santiago de Compostela- A Coruña  
Tf. 981 546 723 Fax 981 546 758  
E-mail: [retegal@retegal.gal](mailto:retegal@retegal.gal)  
[www.retegal.gal](http://www.retegal.gal)



<b>VEREA 1</b>	<b>Meda</b>	<b>MONTE PICOÑA</b>	<b>VEREA</b>	<b>OU</b>	<b>580360</b>	<b>4661513</b>	<b>RTGA32504</b>
<b>VEREA 2</b>	<b>Meda</b>		<b>VEREA</b>	<b>OU</b>	<b>589138</b>	<b>4660038</b>	<b>RTGA32508</b>
<b>VILARIÑO DE CONSO</b>	<b>Meda</b>	<b>MONTE DE SABUGUIDO</b>	<b>VILARIÑO DE CONSO</b>	<b>OU</b>	<b>650042</b>	<b>4666985</b>	<b>RTGA32516</b>
<b>XESTEIRAS</b>	<b>San Marcos</b>	<b>XESTEIRAS</b>	<b>CUNTIS</b>	<b>PO</b>	<b>534064</b>	<b>4725079</b>	<b>RTGA36012</b>
<b>XISTRAL</b>	<b>Xistral</b>	<b>MONTE XISTRAL</b>	<b>MURAS</b>	<b>LU</b>	<b>613940</b>	<b>4813042</b>	<b>RTGA27008</b>
<b>XOVE 3</b>	<b>Xistral</b>		<b>XOVE</b>	<b>LU</b>	<b>621905</b>	<b>4833533</b>	<b>RTGA27525</b>
<b>XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO</b>	<b>Meda</b>	<b>VILLARINO</b>	<b>XUNQUEIRA ESPAD.</b>	<b>OU</b>	<b>612308</b>	<b>4685543</b>	<b>RTGA32026</b>

